

Baixo moitas das nosas vilas, mares e montañas, no fondo dalgúns pozos ou no interior dalgúns covas, existen cidades, esoutras vilas e lugares que nalgún momento da historia tiveron vida real e que, por diversos motivos, ficaron asolagadas e agachadas manténdose hoxe alonxadas do noso mundo e desenvolvéndose no espazo do Alén. Isto é o que nos lembran moitas das lendas coñecidas polas xentes ao longo da nosa xeografía e que agora se recolle na *Guía Ilustrada da Galicia Invisible* que, con textos de Antonio Reigosa e ilustracións de Noemí López vén de publicar Edicións Xerais.

Son un total de trinta e cinco lugares os que os autores sitúan no mapa e a través deles realizan unha viaxe a lugares de outrora. Sitios onde viven xentes normais de oficios como zapateiros, labregos, mariñeiros...; e tamén princesas, príncipes, raíñas e reis; e ademais se-

Historias do Alén

Xeografías do invisible

MARUXA GESTOSO ÁLVAREZ

res como monstruos, mouras, mouras, xigantes, ananás... Son lugares polos que, non en todos pero si nun nutrido grupo, pasaron personaxes importantes do cristianismo, como nalgúns casos a Sagrada Familia, ou a Virxe co Neno, ou Xesús; santos, como San Xoán, San Pedro ou Santiago Apóstolo; e outros como Carlamagno, por exemplo. E, na maioria deles algúns dos protagonistas cometeu un erro, delito ou falta que provocou a ira dos personaxes sagrados e a conseguinte desgraza logo de sufrir unha treboadas, un trono, unha onda xigante, unha dunha dde area, etc.

A través da obra podemos visitar o esplendor de

Antioquía, que de ter nada menos que sete castelos pasou a existir baixo a hoxe desecada lagoa de Antela, nas terras da Limia; ou Armenteira, en Meis, o lugar invisible máis semellante ao Paraíso. Podemos achegarnos a illas máxicas, como a Atlántida, de tan longa historia; ou á Illa de San Barandán, onde unha balea salvou aos protagonistas. E tamén pasear por lugares como Alcaíán, Alcaparra do Bierzo, Libunca, Lucerna, Malverde, Roma,... todos eles con problemas de mozas casadeiras, xentes que se negan a dar esmola ou lugares de mouras. Sen esquecernos da visita polo Medulio, onde os heroicos gallegos re-



sistiron as invasións romanas.

A *Guía Ilustrada da Galicia invisible* é ante todo un libro fermoso. De textos curiosos nos que non falta o misterio e de pre-

ciosas ilustracións, presenta unha coidada edición que o fai moi agradable. Abonda con que o lector ou lectora teña intención de se sumerxir no máxico mundo que nos presenta desde as claves que nos proporciona a nosa tradición, o imaginario cultural no que estamos inmersos e o patrimonio inmaterial do que estas historias forman parte. Pois mouras e mouras, carbunclos e demás seres existirán realmente mentres haxa xentes que lembran as súas historias, e mentres haxa quen de recompilalas, contárnolas, preservalas para as xeracións vindeiras e, en definitiva, crer nelas.

REIGOSA, Antonio (Ilustr. Noemí López), Guía ilustrada da Galicia invisible, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP.26 €